



Axencia Tributaria
de Galicia



Notificación tributaria

DELEGACIÓN DE OURENSE
R PROGRESO Nº 38 EN
32003 Ourense (OURENSE)
<https://ovt.atriga.gal/>

DATOS IDENTIFICATIVOS

Serie Documental: 100.010.300 - Procedemento de Xestión tributaria
Tipo de Documento: 270-Resolución
Subtipo de Documento: ACORDO DE EXECUCIÓN RESOLUCIÓN TEAR

Identificación: AUT 503120000009
Obrigado Tributario:
Expediente: DON/2010/32/000/000034

En aplicación do artigo 66 do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, procédese a execución da resolución do TEAR nº 32/00599/2019 contra procedemento ditado no expediente DON-2010/32/000/00034, que foi recibida nesta Delegación o día 22/02/2023.

O artigo 66 do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, establece que "Os actos resultantes da execución da resolución dun recurso ou reclamación económico-administrativa deberán ser notificados no prazo dun mes dende que a devandita resolución teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa execución. Os actos de execución non formarán parte do procedemento no que tivese a súa orixe o acto obxecto de impugnación."

Segundo o artigo 661 do Código Civil "Los herederos suceden al difunto por el hecho solo de su muerte en todos sus derechos y obligaciones".

No presente caso, dado que o reclamante faleceu tras a presentación da reclamación económico-administrativa e antes de que éste se resolvese procede notificar este acordo o/s herdeiros, os efectos oportunos.

En consecuencia acórdase, en execución da resolución do TEAR, **anular a liquidación impugnada**.

No caso de existiren garantías e/ou importes ingresados serán devoltos polo Departamento de Recadación Tributaria. Para tal fin, se non o fixo ata este momento, deberá comunicarlle no prazo de dez días a contar desde o seguinte á notificación deste escrito, **certificación do número da conta bancaria** en formato IBAN (para contas da zona SEPA) e ademais, o código BIC/SWIFT (no caso de contas no estranxeiro), con indicación da totalidade dos seus caracteres (24 caracteres alfanuméricos no caso de contas ubicadas en España), **de titularidade da beneficiaria da devolución** na que desexa que se realice o pagamento mediante transferencia bancaria conforme ao disposto no Regulamento (UE) nº 260/12, do 14 de marzo, salvo que desexe solicitar a compensación nos termos previstos no Regulamento Xeral de Recadación.

A documentación requirida poderá presentarse:

a) de forma presencial, a través dos Rexistros da Xunta de Galicia con cita previa (<https://www.xunta.gal/cita-previa>) ou por calquera outro dos medios que indica o apartado 4 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) se conta con certificado dixital, DNI electrónico ou Chave365 poderá realizar a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), polo Procedemento PR0004A.

RECURSO:

O interesado poderá presentar o recurso contra a execución ao que se refire o art. 241 ter da Lei Xeral Tributaria no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado, sen

que caiba a interposición do recurso de reposición con carácter previo ao recurso contra a execución. O órgano competente para a resolución deste recurso contra a execución é o órgano do Tribunal que ditase a resolución que se executa.

Sinatura

En OURENSE a 15 de Marzo de 2023
O XEFE DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA



Asinado: CAÑEDO SEOANE EDUARDO

Selo

A veracidade do contido deste documento pódese comprobar en www.atriga.gal (Oficina Virtual Tributaria)

Código Seguro de Verificación: I

